



Grupo Municipal
RIBEIRA

ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa demanda dunha actuación integral na fonte de Vixán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A fonte de Vixán era unha das fontes da parroquia de Carreira máis visitada, pero cada vez son menos os veciños/as da parroquia ou incluso de parroquias limítrofes que veñen a por auga. Moita desta xente queixase polo estado en que se atopa a fonte e os accesos á mesma. Na fonte tamén hai un lavadoiro que antigamente empregaban as xentes do lugar.

Na actualidade as escaleiras que baixan á fonte dende a parte alta xa non se ven, están totalmente cubertas de silveiras, ó mesmo lle pasa á mesma fonte que case non se deixa ver o torno. Os accesos que hai á mesma dende o Roeiro, Vixán, Toxeira de Antromatos e Os Buxos están impenetrables, para chegar á fonte debese ir provisto de unha fouce para abrir paso. O lavadoiro está cheo de terra, cristais, latas e silvas tamén; a cuberta case non existe. O regato polo que saen as augas liberadas que vai a dar á Ponte de Vixán, e posteriormente á Lagoa está colonizado polo lixo.

Os veciños recolleron sinaturas en repetidas ocasións solicitando ó Concello de Ribeira que se acondicione esta zona, ate o de agora só se fixeron intervencións puntuais e momentáneas, todo ese entorno segue sumido no abandono.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Que por parte do Goberno Municipal se acometa unha actuación integral que supoña a recuperación total do entorno:

- A limpeza e mellora dos accesos.
- Saneamento do regato que leva as augas liberadas.
- Recuperación da fonte e do lavadoiro.
- Colocación de paneis informativos (indicadores de situación, de potabilidade, etc.).

Ribeira, 01 de setembro de 2008

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA